

## XUSTIZA E POLÍTICA FEMINISTA

**María Xosé Agra**

Universidade de Santiago de Compostela

O discorrer do pensamento feminista nas últimas décadas ten sido relativamente importante e ten estado atravesado por diferentes, e como é normal, non sempre fructíferos debates. Esta riqueza e a actualidade das teorías feministas non permiten, como ten sido xa sinalado por diversas autoras, unha sistematización. De igual xeito as clasificacións ou encadramentos, máis alá de certos límites analíticos e provisionais que contribúan á clarificación son dificeis de establecer e, sobre todo corren o perigo do reduccionismo e a simplificación nun momento no que o desenvolvemento e pulo do pensamento teórico-práctico feminista amosa unha enorme forza teórica. É necesario, pois, partir do recoñecemento destas limitacións e assumir a complexidade tanto da propia actualidade como das cuestiós concentrando os esforzos teórico-prácticos na atención ás diferentes perspectivas, problemas, dilemas, etc., que constitúen e dan sentido ao reto feminista. Este punto de partida non supón, sen embargo, admitir unha percepción bastante xeralizada e tamén interesada en incidir na dispersión e falta de madureza ou articulación do feminismo. As palabras de Klaus Von Beyme pódennos servir para exemplificar o que aquí se quere dicir: "estas

---

\*\* Una primera versión de este escrito fue presentado en los Encuentros de Formación Feminista de Andalucía. Baeza, octubre, 1994.

*tres experiencias, a imposibilidade de constituir unha maioría, a imposibilidade de organizar todo o grupo potencial e os fracasos do movemento de emancipación áinda cando a resistencia aberta dos homes parecese reducida, levaron a que o movemento feminista se radicalizara e a que os seus esforzos por elaborar unha teoría desembocasen na fragmentación e o illamento posmoderno”<sup>1</sup>.*

As dificultades arriba indicadas non responden á situación descrita por este autor, antes ben, tratan de pór de manifesto a prudencia necesaria - prudencia á que él mesmo apela- á hora de abordar a teoría política feminista. É convinte enfatizar máis do que a fragmentación ou o illamento, a natureza e o contido do debate interno e a teorización en tanto que forma de enfrentarse aos vellos e novos retos do feminismo.

No terreo específico da teoría ou filosofía política é fácilmente constatábel a presencia e a força teórica do pensamento feminista, atendendo e cuestionando conceptos, categorías, concepcións firmemente arraigadas, poñendo baixo escrutinio as novas, elaborando a súa propia teoría. Autoras como Carole Pateman, Iris Marion Young, Susan Moller Okin, Seyla Benhabib, Nancy Fraser -por citar algunas das más coñecidas no mundo anglo-americano, onde se ten producido unha importante revitalización da filosofía política nos últimos anos, propiciada en boa medida pola publicación da *Teoría da Xustiza* de J.Rawls, pero tamén pola teoría feminista- son unha boa mostra do labor de reconstrucción histórico e teórico da reflexión sobre os conceptos políticos claves ou sobre os problemas fundamentais desde unha perspectiva feminista. Deste xeito, tendo en conta o dito, a força teórica pero tamén a prudencia, tomarei como obxecto de reflexión nas páginas que seguen dous dilemas explicitados e examinados por dúas destas teóricas políticas, críticas do liberalismo e preocupadas pola xustiza, a liberdade, a igualdade democrática e a cidadanía das mulleres: Carole Pateman e Iris Marion Young. O propósito desta reflexión, da man destas autoras, non é outro que o de profundar e tentar ir máis alá en torno á cuestión da igualdade e a diferencia, cuestión central tanto no feminismo como na filosofía política actual.

<sup>1</sup> Klaus Von Beyme (1994): *Teoría política el siglo XX. De la modernidad a la postmodernidad*. Madrid, Alianza Universidad, p.291.

## "NOSOUTRAS": ANTIESENCIALISMO E CONCEPTUALIZACIÓN DAS MULLERES COMO GRUPO

Non é preciso recordar o moito que se ten escrito e debatido en relación coa cuestión da igualdade e a diferencia. As posíóns e discusíóns tanto teóricas como prácticas no seo do feminismo deron lugar a considerar a igualdade e a diferencia coma dúas liñas distintas, claramente diferenciadas e, tamén en moitos momentos, fortemente enfrentadas, xerando un debate en grande medida estéril ou paralizante. En última instancia, o problema radicaba en situarse, en elixir a igualdade ou a diferencia. Non obstante, o debate non foi totalmente inútil, se ben é certo que a isto contribuíron unha serie de factores que convén ter en conta; más concretamente, refírome á polémica sobre a Modernidade e a Posmodernidade que afectou dun xeito importante á teoría feminista, como así mesmo as críticas ao feminismo occidental elevadas por outras mulleres doutras culturas, por indicar algúns.

Neste contexto, a interrogación teórica e práctica amplíase. Ás más ou menos clásicas preguntas de ¿en que somos diferentes as mulleres dos homes?, ¿a que son debidas tales diferencias? ¿son necesarias leis e políticas concretas para tratar as mulleres dun xeito distinto ao dos homes?. E únense outras cuestións: ¿hai diferencias, e de que tipo, entre as mulleres?, ¿podemos falar sobre as mulleres, os problemas das mulleres ou das mulleres como tales?; se falamos das mulleres, os problemas das mulleres ou das mulleres como tales ¿non estamos reintroducindo o esencialismo?, é dicir, ¿podemos considerar que as mulleres temos unha identidade común e formamos como tales un colectivo ou grupo, digamos homoxéneo?, ¿o sistema sexo-xénero é más básico e fundamental cá raza e a clase?, ou dito doutro xeito ¿as mulleres sufren unha opresión común ou dáse unha opresión específica para os diferentes grupos de mulleres?, ¿existe unha comunidade de intereses ou metas comúns entre as mulleres?. Está claro que segundo respondemos a estas cuestións as implicáñons teórico-prácticas, as implicáñons políticas poden ser diferentes. Así, as tensións e preocupacións xeradas desde a reflexión teórica feminista abren un campo de discusión que podemos situar en torno á cuestión da conceptualización das mulleres como grupo, ao problema da opresión e dominación e ás implicáñons que isto ten para o feminismo. Doutro xeito, non é tanto o problema da igualdade e a diferencia coma o de encontrarnos con certos dilemas á hora de abordar estas cuestións e de tratar de superar os térmicos nos que se formula a tradicional dicotomía igualdade-diferencia, atendendo ao debate interno.

O primeiro dilema que examinaremos é o que aborda Iris Young no seu recente artigo "Gender as Seriality: Thinking about Women as a Social Collective"<sup>2</sup>. O problema fundamental en torno á conceptualización das mulleres como grupo sitúase en que calquera intento de definir o que as mulleres somos conduce a normalizáns e exclusíons ou ao esencialismo. I.M. Young acepta as críticas aos intentos de conceptualizar as mulleres como grupo. Ve os problemas de normalización e exclusión que pode xerar tal conceptualización, pero tamén se pregunta se non hai razóns políticas para insistir na posibilidade de pensar nas mulleres coma unha clase de grupo. Estas dúas posiciones -dínos- preséntanlle un dilema á teoría feminista: *"por unha banda, sen algún sentido en que "mulleres" sexa nome dun colectivo social, non hai nada específico da política feminista. Por outra, calquera esforzo en identificar os atributos deste colectivo parece minar a política feminista deixando fóra a algunas mulleres ás que as feministas deberían incluír"*<sup>3</sup>.

O dilema preséntase, pois, deste xeito: se non podemos conceptualizar as mulleres como grupo, a política feminista parece perder o seu significado. ¿Hai algunha maneira -pregúntase I.M. Young- de saír deste dilema?. A súa argumentación vai, xustamente, na liña de que é posíbel resolvelo. É posíbel -dínos- ver as mulleres coma un colectivo social sen ter que identificar os atributos comúns a todas as mulleres e sen que isto implique que todas as mulleres teñen unha identidade común. Antes de entrar a presentar a súa defensa da necesidade e posibilidade de considerar as mulleres como grupo ou colectivo social examina as obxeccións que autoras como Elizabeth Spelman, Chandra Mohanty ou Judith Butler teñen levantado contra a conceptualización das mulleres nunha categoría homoxénea. Moi sumariamente, as obxeccións inciden en que dita conceptualización, en que a asunción dunha categoría homoxénea de "muller" non resposto ao carácter de constructo social que caracteriza dita categoría, tendo como consecuencia o esencialismo, normalizáns e exclusíons respondendo en última instancia, ás experiencias, á situación, á teorización e á práctica das mulleres brancas, de clase media, heterosexuais, das que se ocuparía a teoría feminista occidental. A formulación disto vén da man das críticas suscitadas



2 En *Sings: Journal of Women in Culture and Society*, Vol.19, nº 31, 1994, pp.713-738.

3 *Ibid*, p.714.

polas mulleres de color, indíxenas, lesbianas, etc.; pero tamén contribúe a isto dun xeito importante, como sinala Young, a influencia da deconstrucción filosófica e as teorías posmodernas. A posición de Judith Butler ven moi ben para entender as críticas desde esta óptica. Para Butler, fronte a unha teoría e unha política feminista que falan por ou en nome dun grupo que se define pola súa identidade de xénero feminino, a tarefa fundamental da teoría e a política feminista é unha tarefa crítica, isto é, formular xenealoxías que amosen como unha categoría dada de práctica é unha categoría socialmente construída.

Nun coñecido debate sobre a posibilidade ou non dunha alianza entre feminismo e posmodernismo, recollido na revista *Praxis Internacional* e na que participan Seyla Benhabib, J. Butler e Nancy Fraser formulase, entre outras, a cuestión que aquí nos ocupa. Neste debate, a perspectiva de J. Butler, exposta baixo o título "Feminism and the question of "posmodernism"" (a autora prefire falar, máis ca de posmodernismo, de posestructuralismo), cuestiona a categoría de universalidade en tanto que noción totalizadora. Avoga por unha noción de universalidade que permita a contestación política permanente, isto é, un concepto non fundacionalista aberto, permanentemente continxente e contestado. Situándose no marco da concepción de Foucault, indica que a crítica do suxeito (adoptá unha posición forte) é unha forma de interrogarse sobre a súa construción como unha premisa pre-dada ou fundacionalista.

Trátase de pór énfase en que o suxeito se constrúe a través de actos de diferenciación e de exclusión. O que se cuestiona, entón, é a idea de autonomía de axencia, posto que sempre e únicamente se trata dunha prerrogativa política. A morte do suxeito non clausura todo debate político, nin a fin do suxeito, senón que se constrúe o suxeito como unha problemática política. Isto é, deconstruir o suxeito pretende suspender todos os compromisos aos que se refire o termo suxeito, non negar ou abandonar dito concepto. Deconstruír, dinos, é pór en cuestión, ou mellor, abrir un termo como o de "suxeto" para reutilizalo dun modo que previamente non foi autorizado.

Con esta concepción xeral de fondo vexamos que pasa coas mulleres e como se lle presenta a Butler o problema da necesidade política do feminismo de falar como e para as mulleres. Para esta autora, dado o xogo da política representativa, o recurso á identidade, a necesidade de ter que falar como e para as mulleres parece ineludíbel, pero ten que compatibilizarse con outra necesidade non menos importante: o debate, no seo do feminis-

mo, cando se invoca a categorías de mulleres, é dicir, sobre cal é o contido descriptivo deste termo. A cuestión está en non impór unha determinada descripción ou concreción da especificidade feminina (maternidade, heterosexualidade,...) que produza fraccionalización e mesmo a desaprobación do feminismo. En palabras de Butler: "...Calquera esforzo por dar un contido universal ou específico á categoría de mulleres, presumindo que a garantía de solidariedade se requira por adiantado, producirá necesariamente fraccionalización, e que a "identidade" como punto de partida nunca pode mantérse como base solidificadora dun movemento político feminista. As categorías de identidade nunca son meramente descriptivas, senón sempre formativas e, como tales, excluíntes. Isto non quere decir que o térmico "mulleres" non deba ser utilizado, ou que debamos anunciar a morte da categoría. Pola contra, se o feminismo presupón que "mulleres" designa un campo indesignábel de diferencias, que non pode ser totalizado ou resumido nunha categoría descriptiva de identidade, entón o termo devén un lugar de permanente apertura e resignificatividade"<sup>6</sup>. Butler pon especial énfase en que a fundamentación normativa que estableza o que debe ser propiamente incluído na descripción das mulleres, debe ser sempre e exclusivamente para lograr un novo lugar de contestación política. Rexeitar tal contestación -dí- sería sacrificar o ímpeto radical democrático da política feminista.

Así pois, Butler está criticando o feito de que a política feminista fale por ou en nome dalgún grupo de mulleres que se definen pola súa identidade de xénero feminino e a súa obxección insiste en que a complementariedade binaria do sistema sexo-xénero ten sentido únicamente coa afirmación da complementariedade heterosexual. De aí que a tarefa primaria da teoría e a política feminista sexa crítica: formular xenealoxías que amosen como unha categoría dada de práctica é socialmente construida. O discurso e a práctica feminista deveñen e permanecen abertas.

Para Young, análises coma a de J. Butler son potentes e acertadas pero, non obstante, considera que unha orientación crítica exclusivamente

4 A exposición detallada da súa teoría e á que se refire Young, desenvólvese no seu libro *Gender Trouble*. New York, Routledge, 1990.

5 En Vol.11, nº 2, (1994), pp.137-194.

6 *Ibid*, p.160.

é paralizante, e por isto propónse abordar o dilema político xerado coas críticas feministas desde a teorización pragmática (máis que desde a totalización teórica). Unha das razóns que alega como importante para a conceptualización das mulleres como un colectivo é, precisamente, o **opoñerse** ao individualismo liberal, posto que o liberalismo nega a realidade dos grupos. Así, insiste, se non se pode conceptualizar as mulleres como grupo nalgún sentido, non é posíbel conceptualizar a opresión como un proceso sistemático, estructurado, institucional. Aínda máis, considera que nomear as mulleres como un colectivo social específico e distinto é un difícil logro que dá ao feminismo a súa especificidade como movemento político.

Celia Amorós, en "Identidad femenina y re-significación"<sup>7</sup> chega praticamente ás mesmas conclusións. Discutindo, asimesmo, as implicacións teóricas e políticas que se derivan da formulación de Butler e admitindo que as categorías de identidade non son nunca puramente descriptivas, senón normativas, sen embargo discrepa na conclusión de que o termo "mulleres" deba contemplarse como un termo aberto, sen orientacións normativas de ningunha clase, como lugar de permanente resignificación. A morte do suxeito, nun senso forte, non deixa cabida ao feminismo nin é compatíbel coa propia experiencia da conciencia feminista. De acordo con Nancy Fraser, insiste na necesidade de facer "xuízos normativos e ofrecer alternativas emancipatorias" sen por isto caer en fundamentalismos, na necesidade dunha teoría que combine a deconstrucción e a reconstrucción. Isto lévaa a sostener que a conciencia feminista terá de entenderse "coma unha peculiar forma de existencia reflexiva do ser-muller (é dicir, do ser efecto dunha "heterodesignación" e da asunción do discurso do outro coma un discurso constitutivo do xénero, ou sexa, das implicacións culturais normativas da pertenza ao sexo biolóxico feminino). Esta existencia reflexiva do ser-muller caracterízase por unha permanente reinterpretación, unha re-significación baixo o signo do problemático, a impugnación, a transgresión, a desidentificación, o desmarque, a re-normativización sempre tentativa..."<sup>8</sup>. Sen suxeito, sen alguén que interrompa reflexivamente a cadea do significado, sen alguén que o altere crítica e creativamente, sen un colectivo ou grupo non hai feminismo. E, consecuentemente, todo queda onde estaba: na hetero-

<sup>7</sup> *El deseo. La construcción del sujeto femenino*. A Coruña, Fundación Paideia, 1994, pp.81-93.

<sup>8</sup> *Ibid*, p.92.

designación, na imposibilidade de individualización, xa que “*non é individuo quen quere -como quererían os liberais- senón quen pode ... facerse reconecer como tal*” -de aí a necesidade do grupo do “nosoutras”, suxeitas, fronte ao “vosoutras”, designadas; de aí, pois, a conciencia feminista como forma de existencia reflexiva do ser-muller.

Tratando de buscar solucións ao dilema, Young pasa a examinar dúas posíbeis estratexias de resolución xa ensaiadas por outras autoras. A primeira, o intento de teorizar a identidade de xénero como múltiple e non binaria. E, en segundo lugar, o argumento de que as mulleres constitúen un grupo só no contexto politizado da loita feminista. Ambas as dúas estratexias, segundo Young, erran. Vexamos por qué.

A proposta de xéneros múltiples ten que ver cun concepto relacional, trata de atender as diferentes especificidades: clase, raza, nacionalidade, etc. (mulleres negras, latinas, brancas...). Esta estratexia ten, á súa vez, perigos. Non é verdade -dí Young- que as relacións de xénero estean estructuradas primariamente dentro dunha clase, raza, etc. Asemade, a idea de xéneros múltiples presupón unha estabilidade e unidade nas categorías de raza, clase, relixión, etnicidade... que dividen as mulleres. Segundo a Susan Bordo -sinala- os argumentos feministas contra a conceptualización das mulleres como grupo singular privilexian, frecuentemente, as categorías de raza ou clase. Así pois -conclúa- a idea de xéneros múltiples pode resolver os problemas e paradoxos implicados na conceptualización das mulleres como grupo soamente presuponéndolle unidade categorial á clase e á raza. É máis, esta estratexia pode xerar un retroceso, xa que disolve, en última instancia, ós grupos en individuos. Calquera categoría pode considerarse unha unidade arbitraria. A estratexia pois, aínda que pode ser útil, non resolve o problema.

A outra estratexia é a daquelas (Diana Fuss, Nancy Caraway) que defenden a “identidade política” como unha resposta diferente, reteñen unha concepción das mulleres como grupo. Así, “Muller” responde a unha identidade nón dada natural ou socialmente como grupo senón como o constructo fluído dun movemento político, isto é, o feminismo. Desde esta perspectiva é a coalición política o que constitúe a categoría de mulleres. Esta é, por tanto, un producto da discusión e da loita política entre persoas con diversas experiencias intereses, etc., situadas en diferentes matrices de poder e privilexio. Aínda que esta posición ten virtudes importantes, máis concretamente, insiste en que a identidade é froito dun proceso social e político, sen embargo pon doux problemas.

En primeiro lugar, e como xa antes se nomeou da man de Butler, o problema das exclusións e da normalización, os perigos non se evitan na

medida en que se privilexian algunas normas ou experiencias sobre outras. A segunda obxección, presentada por Young, é a de que se tomamos a idea de que as mulleres son un grupo únicamente como resultado ou froito da política feminista parece, entón, que a política feminista é arbitraria. Isto é, algunas mulleres deciden formar un grupo pero enseguida xorden as cuestións: ¿sobre que bases se reúnen?, ¿cales son as condicións sociais que motivaron a política?; aínda máis importante -continúa- ¿a política feminista deixa fóra as mulleres que non se identifican como feministas?. Estas cuestións son as que sinalan a necesidade, seguindo a Young, dalguna concepción das mulleres como grupo anterior á formación da política feminista autoconsciente designando certo conxunto de posicións ou relacións que motivan a particular política do feminismo.

Agora ben, é importante sinalar que hai un certo acordo en que se queremos conceptualizar as mulleres como grupo non podemos facelo sen normalizar, sen esencializar. Young propón unha saída a este dilema usando o concepto de "serialidade" de Sartre<sup>9</sup>: *"proporciona unha forma de pensar sobre as mulleres como un colectivo social sen requerir que todas as mulleres teñan en común atributos ou unha situación común. O xénero como serialidade non descansa na identidade ou autoidentidade para comprender a producción social e o significado de pertenza a colectivos"*. Para a súa maneira de pensar, a distinción entre grupo e serie permite saír do entorno: conceptualizar ás mulleres como un colectivo social, non uniforme, e ós grupos de mulleres como grupos parciais; de aí dedúcese que a política feminista debe ser política de coalición.

Seguindo a Sartre só nisto, sen subscribir o resto da súa concepción teórica, Young pasa a explicitar as diferencias entre "grupo" e "serie" e a súa virtualidade para dar conta da existencia social das mulleres sen complicarse con definicións de identidade. Moi brevemente, unha "serie", tamén denominada "realidade práctico-inerte", é *"un colectivo social que ten uns membros que están unificados pasivamente por obxectos en torno aos que*

---

<sup>9</sup> Resulta interesante constatar esta aproximación de Young aos conceptos sartrianos -non á filosofía de Sartre- pois ven a incidir nalgúns das ideas desenvolvidas por Celia Amorós a propósito dos aspectos patriarcais onde utiliza as noções de grupo e serie, de conxunto práctico-non ontológico- serializado e o problema das actualizacións prácticas e das tensións. Véxase especialmente "Violencia contra as mulleres e pactos patriarcais" en Virginia Maquiera e Cristina Sánchez (comps.): *Violencia y Sociedad Patriarcal*. Madrid, Editorial Pablo Iglesias, 1990, pp.39-53.

*se orientan as súas accións ou por resultados obxectivados dos efectos materiais das accións dos outros*", por exemplo, unha serie fórmansa os oíntes da radio ou os que forman cola de espera no autobús. O escenario da serialidade é o establecido por un conxunto de causas materiais e hábitos colectivos en que sucede calquera acción particular. Entre os principais elementos do concepto de serialidade está o anonimato, a intercambiabilidade; os individuos das series non son idénticos pero si poden estar un en lugar do outro; a súa unidade é cambiante e amorfía, sen límites determinados nin atributos ou intencións. Efectivamente, a pertenza ás series supón unha delimitación e reducción das accións individuais, sen embargo non require definir a identidade das persoas no senso de formar os seus propósitos e proxectos individuais, nin de definir o senso do eu en relación cos outros. A serialidade designa o nivel da vida social e da acción que corresponde ao nivel de "hábito" e a reproducción non reflexiva de estruturas sociais e históricas. O "grupo", á súa vez, é "*un conxunto de persoas que se recoñecen mutuamente nunha relación unificada, cun proxecto común, unidos pola acción que acometen xuntos. Este recoñecemento normalmente faise explícito nalgún contrato, constitución...*"; o característico, polo tanto, do grupo é que se trata dun colectivo autoconsciente, baseado no mutuo recoñecemento e cun propósito autoconsciente, que xorde a partir da existencia serializada e como reacción a isto, é dicir, como reverso activo das súas condicións de anonimato e illamento.

A proposta de Young, como dicíamos, supón aplicar a serialidade ao xénero, tomar o termo "mulleres" coma unha razonábel categoría social que expresa unha certa clase de unidade social, un nivel de rutina, de hábito, de existencia social. Así, como unha serie "Muller" é o nome dunha relación estructural cos obxectos materiais que teñen sido producidos e organizados por unha historia anterior. Pero a serie "mulleres" non é tan simple e unidimensional coma os que esperan o autobús ou escoitan a radio. O xénero, coma a clase, é un conxunto de estruturas e obxectos vasto, multifacético, lexislado, complexo e superposto. Mulleres son os individuos que están posicionados como femininos polas actividades que subxacen a aquelas estruturas e obxectos<sup>10</sup>. Os corpos femininos como campo de significados e posibilidades, a heterosexualidade forzada, obrigatoria e as representa-

10 Young, art. cit., p.728.

cíons verbais, visuais, espaciais,etc., a división sexual do traballo e outras divisóns de actividades e tarefas que se senten, de feito, como naturais, xunto coas manifestacións e rituais de exclusión e inclusión nas mesmas, configuran as realidades práctico-inertes que constrúen o xénero. As estruturas práctico-inertes das series de xénero son abstractas en relación cos individuos e non definen os atributos dos individuos senón feitos materiais sociais cos que cada individuo debe relacionarse e tratar. En definitiva, o feito de dicir "mulleres" é nomear unha serie. Os grupos de mulleres son sempre parciais en relación ás series, por iso a política feminista debe ser política de coalición. Os grupos de mulleres son diversos segundo os propósitos e fins que persigan, os grupos de mulleres como mulleres non todos son feministas. O feminismo é, na súa definición, "unha agrupación de mulleres como mulleres en orde a cambiar ou eliminar as estructuras que as serializan como mulleres". Agora ben, hai moitos feminismos, moitas asociacións de mulleres que teñen como obxectivo politizar e cambiar as relacións de poder entre homes e mulleres nalgún aspecto". O feminismo diríxese tamén a aquellas mulleres que non forman parte dos grupos feministas. O recoñecemento da parcialidade e da pluralidade dos grupos de mulleres e dos grupos feministas non pode máis que desembocar nunha política de coalición, nunha política incluínte e non excluínte.

O relevante na solución de Young non radica únicamente en que se solvente o dilema, senón en como o resolve. Dito doutro xeito, Young proporciona unha saída que non escamotea en ningún momento o problema das desigualdades e diferencias entre mulleres apelando á universalidade, non o dilúe na heteroxeneidade paralizante. Como teórica crítica feminista preocupada pola xustiza política<sup>11</sup>, cuestiona a lóxica da identidade e critica o liberalismo, pero segue embarcada na tarefa teórica e política de construir unha universalidade inclusiva e participativa. Para esta autora, a discusión teórica sobre a xustiza e o abordar os problemas de xustiza en contextos sociais e históricos particulares é unha discusión e unha cuestión de democracia participativa e política emancipatoria.

11 Véxase, I. M. Young (1990): *Justice and the Politics of Difference*. Princeton, Princeton University Press.

12 Véxase "Gender Inequality and Cultural Differences", en *Political Theory*, Vol.22, nº 1, (1994), pp.5-24. Tamén, *Justice, Gender and Family*. Basic Books, 1989.

Neste senso, e sen que poidamos entrar nunha análise pormenorizada, pode verse o contraste coa posición que mantén ao respecto Susan Moller Okin, quen defende unha concepción feminista liberal da xustiza, que nas súas liñas fundamentais é a defendida por J.Rawls. Para Okin a cuestión é bastante sinxela. Presentándose como científica política, non como filósofa, vai apelar á evidencia empírica para amosar que é posíbel a xeneralización de moitos aspectos de desigualdade entre os sexos. Entende que o xénero é unha categoría analítica fundamental e parte de que as desigualdades entre mulleres non poden conducir á paralización. Conclúe que a evidencia empírica permite a xeneralización da situación das mulleres e que "as teorías desenvolvidas nos contextos occidentais poden aplicarse claramente, ao menos en grande parte, ás mulleres de moi diferentes contextos culturais. Dun sitio a outro, de clase a clase, de raza a raza e de cultura a cultura, encontramos similitudes no específico destas desigualdades, nas súas causas e nos seus efectos, aínda que con frecuencia non na súa extensión ou severidade"<sup>13</sup>. Okin resolve a cuestión insistindo na evidencia empírica, algo por outra banda discutíbel, pero o que é más interesante é que a súa conclusión veña a reforzar a súa concepción de universalidade e de xustiza, na liña precisamente que Young ou Benhabib obxectaron como universalismo abstracto ou substitucionalista.

Como dicía, non é posíbel abordar aquí isto, simplemente trataba de chamar a atención sobre a tematización da xustiza como un asunto fundamental no que o feminismo está plenamente implicado, tendo sido a súa contribución ineludíbel para a teoría social e política actual. A discusión sobre as desigualdades e as diferencias entre as mulleres, entre os homes e as mulleres, lévannos á discusión sobre a xustiza, a democracia e os proxectos emancipatorios. Se é así, como acabamos de ver, as discusións e os dilemas non paralizan senón que nos obrigan a profundar na reflexión.

## O DILEMA WOLLSTONECRAFFT

Nun suixerente artigo, Carole Pateman<sup>14</sup> sitúanos diante doutro dilema do feminismo. Esta autora vai pór en cuestión a elección forzosa entre igual-

13) *Ibid*, p. 21.

14) Referímonos a "Equality, difference, subordination: the politics of motherhood and women's citizenship" en Gisela Bock y Susan James (eds.)(1992): *Beyond Equality and Difference*. Londres, Routledge, pp.17-31.

dade e diferencia citando a Joan Scott: "cando a igualdade e a diferencia se emparellan dicotomicamente, estructuran unha elección imposíbel. Se se opta pola igualdade fórzase a aceptar a noción de que a diferencia é anti-tético con ela. Se se opta pola diferencia, admítese que a igualdade é insos-tíbel". A cuestión, para Pateman, non é tan sinxela. Pon algúns exemplos do interrelacionadas que están as dúas liñas na política e no movemento feminista. O asunto é más complexo e párase a examinar un aspecto desa complexidade: a política da maternidade. Isto é, vaise ocupar doutra das formas da dicotomía, a saber, maternidade e cidadanía. Así, o feito de que só as mulleres teñan a capacidade de estar embarazadas, de parir os seus fillos, é a marca da "diferencia" por excelencia. Embarazo e maternidade teñen simbolizado as capacidades naturais que ubican as mulleres fóra da política e da cidadanía. Maternidade e cidadanía, neste senso, ao igual que diferencia e igualdade, son mutuamente excluíntes.

Pero se a maternidade representa todo o que excluiu as mulleres da cidadanía, a maternidade tamén ten sido construída, indica, cun estatus político. A maternidade, como as feministas comprenderon, existe como un mecanismo fundamental a través do cal as mulleres foron incorporadas na orde política moderna. O servicio das mulleres para co Estado dáse, en grande medida, en termos de maternidade. O deber das mulleres está vinculado cos servicios dos homes ao Estado, en tanto que traballadores e soldados. Isto, non obstante, pasouse por alto entre os teóricos políticos. O deber de morrer polo Estado e o deber de vivir para o Estado discútense sempre referidos aos homes; a obriga política das mulleres queda relegada ao ámbito privado. Non se atende a que as mulleres teñan tamén un deber político: "o deber político último das mulleres é a maternidade, dar a luz para o Estado, e se a natureza así o decreta, dar as súas vidas creando nova vida, novos cidadáns".

Pateman considera que o problema da cidadanía é complexo, normalmente insístese en que as mulleres están excluidas da mesma, sen embargo nunca o estiveron completamente. O estatus político das mulleres descansa nun paradoxo: foron incluídas e excluidas sobre a base das mesmas capacidades e atributos. A cidadanía gañou o seu significado a través da exclusión das mulleres, isto é, da diferencia sexual. Pero isto é só unha parte da historia do desenvolvemento do moderno patriarcado. Os teóricos clásicos non exclúen completamente as mulleres da orde política. A creación do patriarcado moderno incorpora un novo modo de inclusión para as mulleres. As mulleres foron incorporadas diferenciadamente dos homes (os

"individuos" e "cidadáns" da teoría política). As mulleres inclúense como subordinadas, como o "sexo" diferente, como "mulleres". O seu deber político deriva da súa diferencia cos homes (igual cá súa exclusión da cidadanía), da súa capacidade para a maternidade. Pateman pon de relevo cómo ese deber como nais foi assumido por certos sectores do feminismo -o denominado por K.Offen "feminismo familiar"- que esixía do Estado a mellora das condicións da maternidade. Asimesmo, sinala que ese era tamén o argumento de Mary Wollstonecraft durante a revolución francesa, argumenta a favor da igualdade e ao mesmo tempo do recoñecemento da diferencia.

Agora ben, o problema con esta estratexia feminista é que permanece atrapada nos cornos do que ela denomina o "dilema Wollstonecraft": *"O dilema xorde porque, dentro da existente concepción patriarcal da cidadanía, a elección ten que facerse sempre entre a igualdade e a diferencia, ou entre a igualdade e a condición da muller (womanhood). Dunha banda, demandar a igualdades é loitar pola igualdade cos homes (esixir que os "dereitos dos homes e os cidadáns" sexan estendidos ás mulleres), o que significa que as mulleres deben chegar a ser (coma) homes. Por outra banda, insistir, como fan algunas feministas contemporáneas, en que as actividades capacidades e atributos das mulleres deben ser revalorizados e tratados como unha contribución á cidadanía é demandar o imposíbel, tal "diferencia" é precisamente o que queda excluído da cidadanía patriarcal"*<sup>15</sup>.

Desde esta perspectiva, examina o denominado "Pensamento Maternal" defendido por Sara Rudick ou Jean Elstein e a crítica de Mary Dietz, para concluir que non é unha formulación satisfactoria, non resolve o dilema, segue movéndose nos termos habituais de diferencia (maternidade) e igualdade (cidadanía). Ben é certo que o pensamento maternal sitúase na política, non fóra dela, coma outras perspectivas da maternidade, pero deixa aspectos importantes fóra da súa reflexión -é cuestiónábel o tomar como relación paradigmática da relación política a relación nai/fillo-. Do outro lado enténdese que a cidadanía nada ten que ver coa maternidade. O dilema continúa.

Pasa, pois, Pateman a analizar o deber e o servicio político das mulleres desde dúas direccións: a estructura do Estado do Benestar e a cuestión

---

15 *Ibid*, p.20.

das obrigas políticas da cidadanía, non sen antes chamar a atención sobre o feito de que moita da actividade política das mulleres reflicte tamén a maternidade como estatus político (por exemplo, as Nais da Praza de Maio). En relación coa súa análise do Estado de Benestar angloamericano sostén que a súa estructura incorpora a construción patriarcal da diferencia sexual. As mulleres non se benefician como cidadás, senón como dependentes e subordinadas, dándose de novo o paradoxo de que a contribución que se demanda das mulleres é o "benestar" privado, non pagado, nas súas casas. Nas discusíons en torno á cidadanía, sinala, incídese en que o deber de traballar, non só de ter un traballo, é a contribución dos homes ao Estado. O deber político das mulleres é a maternidade. O Estado tomou e toma medidas para que ese deber se cumpra. Agora ben, o Estado non só está interesado en que se cumpla ese deber sen máis, senón que se preocupa moi especialmente da "calidade", de aí que non todas as mulleres sexan consideradas como nais: más ben as mulleres de clase media, brancas, xeneticamente superiores. As mulleres indíxenas, emigrantes ou a minoría negra foron ésterilizadas sen o seu consentemento.

A cuestión vital é, dinos, examinar a forma en que podemos subverter ou mudar o xeito en que as mulleres foron incorporadas e así transformar a relación entre igualdade e diferencia. Aínda que puidese parecer bastante desalentadora esta tarefa, Pateman opina que ao final do século XX percíbense algúns cambios significativos no contexto en que xoga a política da maternidade, indicadores de que a maternidade comenza a ser entendida coma un dereito (nais-soldado na guerra do Golfo, anticoncepción, aborto...) e non únicamente coma un deber: "*por primeira vez, as mulleres disponen de medios para elixir se e cando levar a cabo o seu deber político*". Se ben constata que a conexión entre emprego masculino e cidadanía aínda non se rompeu.

O argumento, polo tanto, de Pateman, está vinculado ao seu intento de amosar que o problema non é a diferencia sexual senón a subordinación das mulleres. A igualdade, coma outras categorías políticas centrais, é un termo contestado, sinalando con acerto que aínda cando a igualdade nalgún dos seus posíbeis significados pode acompañar á diferencia, ningún senso da igualdade é compatíbel coa subordinación. E o é menos desde a óptica dunha "cidadanía xenuinamente democrática", entendendo por tal que ambos os dous性os sexan cidadáns plenos e que a súa cidadanía sexa de igual valor para eles como homes e mulleres. Consecuentemente, a cuestión fundamental é que o significado da diferencia sexual ten que deixar de

ser a diferencia entre liberdade e subordinación: "*O asunto no problema da diferencia é a liberdade das mulleres*". Para esta autora, o obxectivo é lograr unha cidadanía democrática, isto é, a transformación das relacóns patriarcais en relacóns libres. E para que a cidadanía sexa de igual valor a sustancia da igualdade debe diferir segundo as diversas circunstancias e capacidades dos cidadáns, homes e mulleres. A maternidade non enche toda a vida das mulleres, nin se apodera da vida das mulleres como algunha vez o fixo, tampouco a cidadanía das mulleres é unha cuestión de maternidade, pero a maternidade e a cidadanía -afirma- permanecen íntimamente vinculadas. De novo insiste: só as mulleres poden dar a luz vida física a novos cidadáns, quenes, á súa vez, dan vida a unha orde política democrática. O problema radica atendendo a este aspecto da complexidade destacada por ela ao inicio da súa exposición en que a maternidade e a cidadanía están relacionadas pero non dicotomicamente. A dicotomía aparece sempre que a diferencia sexual marca a liña divisoria entre a liberdade e a subordinación. De aí que igualdade e diferencia poidan non ser incompatíbeis, non hai que optar forzosamente por unha das dúas.

Para Pateman o fundamental é a liberdade das mulleres. As súas análises son importantes para establecer a interrelación entre cidadanía e maternidade. Destaca tamén a súa concepción da igualdade como un concepto sempre contestado e incompatíbel coa subordinación, non coa diferencia. Sen embargo, as súas indicacións na liña de construir unha cidadanía xenuinamente democrática, ademáis de non ser moi optimistas, suscitan algunas dúbidas ou cuestións. A súa idea da cidadanía plena de ambos os dous性os, de igual valor para homes e mulleres, non significa o mantemento de dúas esferas separadas pero si, digamos, de dous corpos da humanidade e, en última instancia, o recurso á natureza; as mulleres son as dadoras de vida, as que dan a luz a novos cidadáns.

Anna G.Jónasdóttir<sup>16</sup>, coincidindo prácticamente coas análises de Pateman, sen embargo sepárarse delas argumentando que na construción moderna o realmente opresivo para as mulleres deriva dun pensamento utilitario e non do recurso á inferioridade natural. Ademáis, para Jónasdóttir, o

---

<sup>16</sup> *El poder del amor. ¿Le importa el sexo a la Democracia?*. Madrid, Cátedra-Feminismos, 1993, en especial para referencias a Carole Pateman, véxase cap. VIII.

problema está non tanto en pór énfase na sexualidade coercitiva (violencia sexual) coma no consentimento, no poder do amor. É a relación homes-mulleres, o carácter das relacóns estructurais entre os sexos, e non a diferencia, o que se entende como relevante desde o punto de vista teórico e práctico. A loita pola cidadanía, para esta autora, deben dála as mulleres "como tales", non como nais, onde "como tales" remite ao mesmo sexo. O sexo -sostén- é a única capacidade que relaciona, áinda que esa relación sexa débil, a todas as mulleres mutuamente. A teoría social e política ten que asumir con seriedade que o sexo é unha estructura, é dicir, "*unha relación estructural que á súa vez, condiciona a historia e é condicionada por ela*".

As obxeccións de Chantal Mouffe<sup>17</sup> a Pateman baséanse na percepción de certos resabios esencialistas a pesar, dí, de todas as consideracións de Pateman sobre os aspectos historicamente construidos da diferencia sexual. A solución ao dilema Wollstonecraft para Pateman é afirmar a existencia de dúas formas sexualmente diferenciadas de universalidade. Esta solución é problemática, pois se ben Pateman contribúe coas súas análises á deconstrucción da concepción tradicional de cidadanía é da vida pública e privada, sen embargo, "*como resultado do seu esencialismo, nunca deconstrúe a oposición homes/mulleres*", por iso acaba coincidindo coas posicións maternalistas e propondo unha concepción inadecuada da política democrática. Chantal Mouffe, pola contra, desde posicións explícitamente esencialistas, interesada na elaboración dunha política feminista informada por un proxecto democrático radical, na construción dunha alternativa democrática sendo o seu obxecto a articulación das loitas vinculadas a diferentes formas de opresión, defende que na construción dunha nova visión da cidadanía, a diferencia sexual deviría no pertinente e no políticamente relevante. O seu xeito de entender o proxecto de democracia plural e radical require descartar a idea esencialista dunha identidade das mulleres como mulleres. Tampouco a política feminista pode entenderse como unha forma separada da política que afecte ás mulleres como mulleres, a política feminista debe perseguir os seus fins e obxectivos no contexto dunha articulación de demandas más amplas. Estes fins e obxectivos consisten na transformación de todos os discursos, prácticas e relacións sociais nos que a

<sup>17</sup> Véxase "Feminism, Citizenship and Radical Democratic Politics" en Judith Butler y Joan W. Scott (1992): *Feminists Theorize The Political*. Londres-N.York, Routledge, pp.369-384.

---

Entre a igualdade e a diferencia

categoría "muller" é construida dun xeito que implica subordinación. Para Chantal Mouffe, o feminismo é a loita pola realización da igualdade para as mulleres, non a igualdade dun grupo empírico definíbel cunha esencia e identidade común, as mulleres, senón como a loita contra as múltiples formas en que a categoría "muller" se constrúe en subordinación.

Tras esta breve e incompleta incursión nalgunhas das aportacións das teóricas políticas feministas, quizais poderíamos concluír que, a pesar das diferencias ou dos distintos matices ou posicíons, a liberdade e a xustiza para as mulleres é o que segue en xogo. A política feminista segue sendo necesaria e o "san escepticismo" teórico-práctico que se respira non é incompatíbel cunha certa dose de utopía. O cal quere dicir que o debate, a reflexión, a atención a novas formas de inxustiza ou subordinación e, conseqüentemente, a loita pola xustiza, a liberdade e a cidadanía, como non pode ser doutro xeito, continúa.